



BURUNDI: autorización dos importes da compensación económica a percibir por ADDIS GALICIA na intermediación de expedientes de adopción e do novo modelo de contrato

Mediante a resolución de 24 de maio de 2012, a secretaria xeral de Política Social aprobou os novos importes que ADDIS GALICIA está autorizada a percibir das persoas solicitantes de adopción internacional pola intermediación con Burundi.

O importe total da compensación económica que poderá percibir a dita entidade ascende a un total de **10.965,49 €**, segundo a seguinte distribución:

1. GASTOS INDIRECTOS: 5.755,49 €

En España: 3.722,92 €

a) Gastos de funcionamento:

1. Gastos de persoal: 2.530,81 €
2. Gastos de infraestrutura e equipamento: 385,00 €
3. Gastos de oficina, subministracións e outros: 238,62 €
4. Gastos de asesoría, bancarios, seguros e financeiros: 178,49 €

b) Formación e adaptación: 390,00 €

No país de orixe da ou do menor: 2.032,57 €

1. Gastos de representante e outro persoal da ECAI no país de orixe da ou do menor: 688,57 €
2. Gastos de infraestrutura e equipamento da oficina da ECAI: 134,29 €
3. Gastos de oficina, subministracións e outros da oficina da ECAI: 657,14 €
4. Gastos de asesoría, bancarios, seguros e financeiros: 552,57 €
5. Achega a proxectos de axuda social e cooperación e de mantemento da acreditación no país: 0 €

2. GASTOS DIRECTOS: 5.210,00 €

En España: 2.210,00 €

1. Xestión de documento: 75,00 €
2. Gastos de legalización e autenticación: 350,00 €
3. Gastos de tradución: 850,00 €
4. Gastos de mensaxaría e correos: 300,00 €
5. Taxas: 60,00 €
6. Seguímentos postadoptivos dos dous primeiros anos: elaboración de informes, tradución, legalización e envío: 575,00 €



No país de orixe da ou do menor: 3.000,00 €

1. Xestión de documentos: 0 €
2. Gastos derivados do rexistro do expediente no país: 0 €
3. Gastos de legalización: 0 €
4. Gastos de tradución: 0 €
5. Intérpretes (polo traballo relacionado co proceso de adopción): 0,00 €
6. Mensaxaría e correos: 0 €
7. Taxas e gastos derivados da tramitación da adopción (xudiciais e administrativos): 3.000,00 €
8. Visados e pasaporte da ou do menor: 0 €
9. Gastos médicos obrigatorios: 0,00 €
10. Desprazamentos das persoas adoptadas no país de orixe relacionados directamente co proceso de adopción: 0 €
11. Axuda e manutención da ou do menor desde o momento que determine a lexislación do seu país de orixe ata a entrega da ou do menor ás persoas adoptantes: 0 €

Estos custos só serán aplicables aos contratos asinados con posterioridade á aprobación da devandita circular (24 de maio de 2012).

Así mesmo, mediante a devandita resolución, dáse conformidade ao contrato que regulará a intermediación de ADDIS GALICIA para a adopción internacional en Burundi, conforme o novo modelo unificado establecido pola Xunta de Galicia. Segundo o dito contrato, o pago se fraccionará da forma seguinte:

- **1.º pagamento:** á firma do contrato.
50% dos custos indirectos (2.877,75 €) e provisión de fondos de 1.635 € que corresponden aos custos directos previstos ata a realización do segundo pagamento. Total: **4.512,75€.**
- **2.º pagamento:** antes do envío do expediente ao país.
25% dos custos indirectos (1.438,87 €) e provisión de fondos de 1.750 € que corresponde aos custos directos previstos ata a realización do terceiro pagamento. Total: **3.188,87€.**
- **3.º pagamento:** unha vez se acepte a asignación.
25% dos custos indirectos (1.438,87 €) e provisión de fondos de 1.825 € que corresponden aos custos directos previstos para finalizar a adopción e aos informes de seguimento dos 2 primeiros anos tras a adopción (2 informes). Total: **3.263,87€.**